


Marta Villamayor Álvarez, secretaria do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela,

CERTIFICA, con anterioridade á aprobación da acta correspondente, que o Pleno do Consello Social desta Universidade en sesión celebrada o 29 de decembro de 2022, tomou, entre outros, a proposta do Consello de Goberno da USC, o acordo de aprobar a Programación Plurianual da USC 2023-2026, de conformidade co disposto no artigo 75.3.b) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.

A documentación figura como anexo á presente certificación.

E para que así conste, para os efectos oportunos, expido a presente certificación en Santiago de Compostela, a 29 de decembro de 2022, co visto e praxe da sra. presidenta.

Vº e Pr.,
A presidenta


Cecilia Sierra Rey





Programación Plurianual 2023-2026



ÍNDICE

LIMIAR.....	3
1. O ESTUDANTADO E A COMUNIDADE UNIIVERSITARIA.....	5
2. A FORMACIÓN E A DOCENCIA NO NOVO CONTEXTO.....	12
3. OS RETOS NA POLÍTICA DE PERSOAL.....	17
4. A INVESTIGACIÓN E A INNOVACIÓN COMO MOTOR DO DESENVOLVEMENTO.....	22
5. A SENDA DA INTERNACIONALIZACIÓN.....	29
6. A PROCURA DE INFRAESTRUTURAS ECOEFICIENTES.....	35
7. A USC NA ERA DA TRANSFORMACIÓN DIXITAL.....	40
8. A XESTIÓN EFICIENTE DOS RECURSOS.....	48
DESCRICIÓN PORMENORIZADA DAS ACCIÓNS.....	56
ASPECTOS ECONÓMICOS.....	102

Limiar


Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela recollen nos artigos 167, 168 e 169 os aspectos relativos á Planificación Estratéxica e á Programación Plurianual. En concreto, o art. 169 dispón que “*Previa aprobación das liñas xerais polo Claustro, o Consello de Goberno proporá a Programación Plurianual ao Consello Social para a súa aprobación*”.

As directrices xerais da programación plurianual, aprobadas no Claustro celebrado o día 02/12/2022 contemplan a filosofía da proposta presentada á comunidade universitaria polo equipo de goberno no seu programa electoral. Asemade teñen en conta as difíciles condicións xeopolíticas que se albiscan para os vindeiros anos, xunto coas medidas de recuperación logo da pandemia da COVID-19. No período 2023-2026 no que cómpre tomar medidas audaces dentro dun contexto de precaución que permitan balancear os ingresos definidos no novo Plan de Financiamento cos posibles gastos extraordinarios, sobre todo dos derivados da evolución do mercado enerxético. Esta Programación Plurianual queda condicionada aos obxectivos estratéxicos que se deriven da aprobación do Plan Estratéxico da USC, cuxa elaboración se realizará durante o ano 2023. As adaptacións que, de ser o caso, resulten necesarias introducíranse na súa actualización anual xunto coa monitorización no seguimento das accións velaquí descritas.

De acordo con estas premisas, a Programación Plurianual recolle o aprobado polo Consello de Goberno o día 28/12/2022 e polo Consello Social o día 29/12/2022 :

1. O estudantado e a comunidade universitaria
2. A formación e a docencia no novo contexto
3. Os retos na política de persoal
4. A investigación e a innovación como motor de desenvolvemento
5. A senda da internacionalización
6. A procura de infraestruturas ecoeficientes
7. A USC na era da transformación dixital
8. A xestión eficiente dos recursos

Limiar



1. O ESTUDANTADO E A COMUNIDADE UNIVERSITARIA



“A recuperación das facultades e escolas como referentes da comunidade universitaria e, especialmente, do alumnado. Son o berce para orientar as titulacións ás demandas educativas e necesidades da sociedade”

1. O ESTUDANTADO E A COMUNIDADE UNIVERSITARIA



Liñas de actuación

- 1.1 Impulsar a visión integral na educación
- 1.2 Dinamizar a participación do alumnado
- 1.3 Construír unha USC plural e diversa que garanta a igualdade de oportunidades
- 1.4 Promover o uso da lingua galega
- 1.5 Adquirir os hábitos da economía circular
- 1.6 Impulsar o proxecto cultural da USC
- 1.7 Regular a convivencia na USC

1. O ESTUDANTADO E A COMUNIDADE UNIVERSITARIA



1.1 Impulsar a visión integral na educación

Obxectivos:

Potenciar a participación e o desenvolvemento integral do estudiantado

Promover as capacidades e competencias orientadas á empregabilidade, adaptándose aos requirimentos profesionais

Favorecer as competencias cívico-sociais nos aspectos curriculares ou extracurriculares

Desenvolver o deporte dentro do modelo educativo e achegar á cidadanía os principios dunha forma de vida saudable

Accións:

- 1.1.1** Posta en marcha do plan de proxección social
- 1.1.2** Creación dunha rede de colaboración e dinamización entre os centros da USC para realizar actividades de interese para o alumnado
- 1.1.3** Análise da modificación da normativa de permanencia nas titulacións de grao e máster para contribuír a mellora académica
- 1.1.4** Potenciar as actividades da Área de Orientación Laboral e Emprego
- 1.1.5** Impulso das actividades de emprendemento cara o estudiantado de mestrado
- 1.1.6** Extensión e actualización dos convenios de colaboración con entidades da contorna
- 1.1.7** Creación dun pasaporte cultural cuxas actividades teñan un recoñecemento de créditos ECTS. Defínense sinerxías entre as actividades propias e externas
- 1.1.8** Actividades de fomento do deporte no ámbito universitario
- 1.1.9** Cooperación cos clubs para favorecer a compatibilidade do deporte profesional e os estudos universitarios
- 1.1.10** Correlación das actividades participativas coa estratexia do Comité Olímpico Internacional (COI) para acadar o seu recoñecemento oficial polo COI

1. O ESTUDANTADO E A COMUNIDADE UNIVERSITARIA



1.2 Dinamizar a participación do alumnado

Obxectivos:

Impulsar, dende as áreas con competencias na materia, o Consello do Estudantado

Promover a participación do alumnado nos procesos democráticos da Universidade

Reforzar e visibilizar a transparencia dos procesos administrativos

Crear Espazos USC para potenciar, proxectar e recuperar a marca USC e integrar a Universidade nas cidades nas que ten presenza

Crear nos centros espazos reais de encontro e convivencia

Accións:

1.2.1 Consolidación do Consello de Estudantado e favorecemento da posta en marcha de todas as competencias que lle outorga o Estatuto do Estudantado

1.2.2 Emprego de canles virtuais para impulsar a participación nos procesos electorais e na vida universitaria

1.2.3 Impulso e automatización do portal de transparencia, aproveitando os canles de comunicación que permite a web e a *app*

1.2.4 Creación de espazos que permitan o traballo colaborativo e sexan puntos de encontro para afianzar as redes de cooperación

1.2.5 Creación de espazos de convivencia nas escolas e facultades



1.3 Construír unha USC plural e diversa que garanta a igualdade de oportunidades

Obxectivos:

Executar o III Plan Estratéxico de Igualdade

Formar o PDI, o PAS, o estudantado, así como o persoal investigador e persoal investigador e de apoio á investigación en materia de igualdade

Garantir que a USC sexa unha institución accesible para toda a comunidade universitarias (accesibilidade arquitectónica, tecnolóxica e nos espazos urbanos, concienciación da comunidade universitaria e inclusión en actividades docentes e non docentes)

Asegurar que a USC sexa accesible independentemente da situación económica do estudantado

Accións:

- 1.3.1** Monitorización do III Plan Estratéxico de Igualdade
- 1.3.2** Programación temporal estable de cursos orientados á comunidade universitaria baixo o paraugas do Centro de Formación
- 1.3.3** Extensión dos premios a igualdade cubrindo tanto os TFG como os TFM
- 1.3.4** Deseño e implantación de adaptacións curriculares e a asistencia de profesionais especializados para favorecer a plena integración na USC
- 1.3.5** Realizar cursos formativos para a comunidade universitaria en materia de integración
- 1.3.6** Financiamento de aloxamento accesible para o estudantado con diversidade funcional
- 1.3.7** Execución de intervencións arquitectónicas no marco do programa de eliminación de barreiras arquitectónicas da USC
- 1.3.8** Elaborar, en conxunto co Concello de Santiago de Compostela e co de Lugo, as Deputacións da Coruña e de Lugo e a Xunta de Galicia, un documento de accións necesarias para garantir a plena accesibilidade das cidades de Santiago de Compostela e Lugo e dos seus campus
- 1.3.9** Análise e renovación dos mecanismos do Servizo Universitario de Residencias para potenciar a garantía de acceso á universidade de estudantes con dificultades económicas
- 1.3.10** Axudas para a manutención do alumnado nas cafeterías e comedores universitarios da USC



1.4 Promover o uso da lingua galega

Obxectivos:

Elaborar o novo Plan de Acción en prol do uso da lingua galega 2023-2026

Apoiar a creación de cátedras institucionais para destacar a nosa lingua e literatura

Accións:

1.4.1 Elaboración do novo plan de accións en prol do uso da lingua galega na USC para o período 2023-2026

1.4.2 Creación de cátedras institucionais para visualizar e potenciar a nosa lingua e literatura

1.5 Adquirir os hábitos da economía circular

Obxectivos:

Certificación da memoria de responsabilidade social corporativa con estándares internacionais

Integrar a USC no programa Reciclos para mellorar o comportamento ambiental

Reorganizar o sistema de separación selectiva de refugallos nos centros

Integrar na aplicación móbil un modelo de uso compartido de materiais

Sistematizar a recollida, recuperación e reciclado de residuos de carácter eléctrico e electrónico

Accións:

1.5.1 Elaboración da memoria de RSC enfocada á consecución da certificación internacional GRI

1.5.2 Programa piloto dun sistema de moeda dixital para potenciar a reciclaxe de latas e botellas de plástico. O modelo constará de diversas máquinas automatizadas de recoñecemento intelixente dos refugallos

1.5.3 Revisión do sistema de separación selectiva de refugallos no conxunto de edificios

1.5.4 Implantación dunha aplicación para compartir materiais ou da transacción de bens de consumo dentro da comunidade universitaria

1.5.5 Programa específico de separación, recollida e recuperación de RAEE

1.6 Impulsar o proxecto cultural da USC

Obxectivos:

Reformular a oferta formativa en actividades culturais

Descubrir e apoiar o talento artístico da comunidade universitaria

Apoiar a creación artística emerxente

Fomentar a reflexión sobre temas actuais a través de actividades culturais

1.7 Regular a convivencia na USC

Fixar as directrices da convivencia na comunidade universitaria

1. O ESTUDANTADO E A COMUNIDADE UNIVERSITARIA



Accións:

- 1.6.1** Programación dunha oferta de cursos formativos que responda ás inxerencias artísticas e culturais do estudantado
- 1.6.2** Creación dun sistema participativo para que o estudantado poida impulsar cursos de formación e actividades culturais do seu interese
- 1.6.3** Posta en marcha de convocatorias para o fomento da creación artística entre a comunidade universitaria
- 1.6.4** Programación dun ciclo de música e bandas emerxentes
- 1.6.5** Promover convenios de colaboración con todas as Administracións Públicas con competencias en Santiago de Compostela e Lugo (concellos, deputacións, Xunta de Goberno e goberno do Estado) para a creación de novas iniciativas de exposición e fomento do talento xuvenil de toda Galicia
- 1.6.6** Integración de propostas artístico-pedagóxicas coa colaboración de toda a comunidade universitaria
- 1.6.7** Definición dun programa conmemorativo do centenario do Seminario de Estudos Galegos
- 1.7.1** Aprobación do regulamento de convivencia da USC
- 1.7.2** Determinación da composición e constitución da Comisión de Convivencia da USC
- 1.7.3** Implementación de medios alternativos de solución de conflitos de convivencia

2. A FORMACIÓN E A DOCENCIA NO NOVO CONTEXTO



“O novo contexto derivado da COVID-19 acelerou a transformación do proceso educativo co que a USC debe impulsar aquelas accións encamiñadas á unha mellora e diversificación da oferta docente”

2. A FORMACIÓN E A DOCENCIA NO NOVO CONTEXTO



Liñas de actuación

- 2.1 Robustecer as titulacións e a calidade
- 2.2 Explorar estruturas curriculares específicas e innovación docente
- 2.3 Formar en competencias dixitais

2. A FORMACIÓN E A DOCENCIA NO NOVO CONTEXTO



2.1 Robustecer as titulacións e a calidade

Obxectivos:

Consolidar e mellorar a captación de alumnado nas titulacións dos diferentes campus, con especial fincapé no Campus de Lugo

Dinamizar o mapa de titulacións para adaptarse ás necesidades do mercado e da captación internacional

Adecuar novos marcos para a xestión de títulos interuniversitarios

Clarificar os tipos de docencia (presencial, telemática, en liña, híbrida, etc.) que poden ser usados e apoiados loxisticamente pola USC nos seus graos e mestrados e elaborar unha normativa que regule eses diversos tipos, integrando nela a atención a estudantes con dispensa académica

Estimular a calidade ao servizo da mellora educativa

Accións:

- 2.1.1** Impulso do Programa A Ponte e a USCamiña como vehículos principais de contacto co alumnado de bacharelato
- 2.1.2** Favorecer as pasarelas entre os graos de enxeñaría, así como procurar unha maior facilidade administrativa na matrícula do mestrado ao considerar que a programación temporal da defensa do TFG non sexa un impedimento
- 2.1.3** Desenvolvemento dunha planificación da implantación de novas titulacións
- 2.1.4** Evolución dalgunhas materias de graos e mestrados para atinxir a súa oferta simultánea vía “e-learning”
- 2.1.5** Mellora do apoio á xestión dos títulos interuniversitarios que faciliten e simplifiquen o traballo asociado aos mesmos e, polo tanto, a súa posta en marcha
- 2.1.6** Elaboración dun/s regulamento/s específico/s para a docencia híbrida, dobres graos e graos abertos
- 2.1.7** Revisión e análise dos procedementos na procura, entre outras cousas, da automatización na realización de informes
- 2.1.8** Desenvolvemento dunha aplicación de xestión da calidade orientada á mellora dos Sistemas de Garantía de Calidade e á automatización da elaboración de informes

2. A FORMACIÓN E A DOCENCIA NO NOVO CONTEXTO



2.1 Robustecer as titulacións e a calidade

Obxectivos:

Coordinar a xestión das prácticas na USC de xeito centralizado

Traballar para protexer e apoiar as ofertas coherentes e con solidez organizativa de oferta académica

Accións:

2.1.9 Análise da xestión integral das prácticas académicas externas

2.1.10 Definición do mapa de titulacións a medio e longo prazo nas diferentes grandes áreas de coñecemento

2.2 Explorar estruturas curriculares específicas e de innovación docente

Obxectivos:

Introducir novas estruturas curriculares

Apoiar as iniciativas de acceso aberto na elaboración de materias docentes

Accións:

2.2.1 Fomento da formación dual no grao e os mestrados

2.2.2 Apoio á formación continua mediante a posta en marcha dun sistema de microcredenciais

2.2.3 Apoio ao desenvolvemento de materia didácticos dixitais que posibiliten a aprendizaxe de materias de xeito híbrido e virtual

2.2.4 Mellora dos materias docentes coa introdución de novos recursos didácticos dixitais baseados na realidade aumentada, 3D, videoxogos, metaverso educativo...

2. A FORMACIÓN E A DOCENCIA NO NOVO CONTEXTO



2.3 Formar en competencias dixitais

Obxectivos:

Definir un plan de formación en competencia dixital acorde cos principios definidos no Programa Europa Dixital centrado en levar a tecnoloxía dixital ás empresas, á cidadanía e ás administracións públicas

Adaptar o campus virtual aos novos requirimentos derivados da innovación e necesidades docentes

Accións:


2.3.1 Elaboración dun plan de actividades específico para o PDI, PAS, PI e alumnado para desenvolver as competencias dixitais

2.3.2 Incorporación de complementos (*plug-in*) ao Campus Virtual en función das actualizacións estándar do moodle e daqueles que sexan demandados pola comunidade universitaria

2.3.3 Implementación dunha tecnoloxía audiovisual no Campus virtual que permita o seguimento das materias de forma virtual

2.3.4 Implantación da capacidade tecnolóxica para realizar de cursos on-line, en aberto e masivos (MOOC) no Campus Virtual que complementarían as capacidades que ten a USC vía o sistema externo de Miriadax

3. OS RETOS NA POLÍTICA DE PESSOAL



“Garantir a remuda xeracional é probablemente o desafío máis importante que a Universidade de Santiago de Compostela terá que afrontar nos vindeiros anos”


3. OS RETOS NA POLÍTICA DE PERSOAL



Liñas de actuación

- 3.1 Renovar, estabilizar e promocionar os cadros docentes da Universidade**
- 3.2 Adaptar as estruturas de PAS e os servizos de apoio**
- 3.3 Formular a cuantificación efectiva das actividades docentes, investigadoras e de xestión**
- 3.4 Desenvolver a carreira investigadora**

3. OS RETOS NA POLÍTICA DE PERSOAL



3.1 Renovar, estabilizar e promocionar os cadros docentes da Universidade

Obxectivos:

Garantir unha dotación estrutural das áreas de coñecemento de xeito que estas poidan desempeñar adecuadamente as súas funcións docentes e investigadoras

Rebaixar a media de idade do profesorado

Favorecer a incorporación de profesorado con diversidade funcional de conformidade coa lexislación vixente

Ofrecer posibilidades de estabilización ao profesorado e ao persoal investigador con contrato temporal, priorizando o emprego da figura de profesorado titular

Ofrecer a posibilidade de promoción ao profesorado acreditado para os diferentes corpos de profesorado funcionario reducindo os tempos de espera.

Accións:

3.1.1 Elaboración dun Plan Plurianual de Profesorado

3.1.2 Incorporación de profesorado en áreas con necesidades estruturais recorrendo prioritariamente á figura de profesorado axudante doutor

3.1.3 Incorporación de profesorado en áreas especialmente avellentadas.


3.1.4 Creación de prazas vinculadas de profesorado permanente en áreas clínicas

3.1.5 Inclusión nas convocatorias de prazas de profesorado de cotas reservadas para a incorporación de profesorado con discapacidade

3.1.6 Axilización dos procesos de estabilización do profesorado e persoal investigador con contratos temporais, priorizando a figura de profesorado titular

3.1.7 Creación de prazas de profesorado titular e catedrático/a para a promoción do profesorado acreditado

3. OS RETOS NA POLÍTICA DE PERSOAL



3.2 Adaptar as estruturas de PAS e os servizos de apoio

Obxectivos:

Finalizar o proceso de estabilización de persoal derivado da reforma laboral

Dotar os servizos do persoal necesario para asegurar o relevo xeracional e a cobertura das funcións

Establecer os mecanismos para a transferencia da experiencia entre o persoal que marcha e o que se incorpora

Establecer mecanismos de promoción que garantan a carreira profesional do PAS e contribúan á eficiencia da gobernanza dos servizos e adaptacións de cadros de persoal

Accións:

3.2.1 Estabilización do persoal investigador, rematando o proceso iniciado dende a entrada en vigor do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo

3.2.2 Execución de convocatorias que garantan a captación de novo persoal, de conformidade coa taxa de reposición

3.2.3 Implantación de mecanismos de *mentoring* no traspaso da experiencias e funcións dos diferentes posto de traballo

3.2.4 Deseño da carreira horizontal do PAS e o desenvolvemento da avaliación do rendemento para completar a implantación


3.3 Formular a cuantificación efectiva das actividades docentes, investigadoras e de xestión

Obxectivos:

Recoñecer de xeito efectivo todas as actividades do persoal

Accións:

3.3.1 Elaboración e definición do listado de actividades realizadas polo persoal que deban ser contabilizadas de xeito específico na xornada laboral



3.4 Desenvolver a carreira investigadora

Obxectivos:

Consolidar o modelo de carreira investigadora propio da USC (investigadores/as distinguidos e predoutorais)

Poñer en marcha plans e programas propios de I+D+i da USC que permitan a estabilización do persoal que realiza funcións estruturais de investigación, apoio e xestión a través da figura do contrato indefinido da Lei da ciencia

Accións:

3.4.1 Canalización dun sistema ponte na carreira investigadora previo o atinximento de figuras docentes e investigadoras susceptibles dun proceso de estabilización

3.4.2 Desenvolvemento dun programa de recursos humanos baseado no establecido na Lei da ciencia

4. A INVESTIGACIÓN E A INNOVACIÓN COMO MOTOR DO DESENVOLVEMENTO



“O período pandémico puxo enriba da mesa que unha sociedade avanzada é aquela que confía e inviste na I+D+i. É necesario continuar coa estratexia que permitiu dar pasos importantes no eido da xestión da investigación e, singularmente, ligar os obxectivos aos indicadores do Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026”

4. A INVESTIGACIÓN E A INNOVACIÓN COMO MOTOR DO DESENVOLVEMENTO



Liñas de actuación

- 4.1 Estruturar a investigación
- 4.2 Impulsar a transferencia da I+D+i e o emprendemento
- 4.3 Consolidar o Campus Terra
- 4.4 Promover a ciencia aberta
- 4.5 As bibliotecas: referencia na investigación

4. A INVESTIGACIÓN E A INNOVACIÓN COMO MOTOR DO DESENVOLVEMENTO

4.1 Estruturar a investigación

Obxectivos:

Facer fronte aos novos retos da educación superior e posicionar a USC como un dos polos de desenvolvemento de Galicia

Potenciar as estruturas de investigación e ampliar a súa autonomía funcional

Crear novas estruturas nas áreas de Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas, sumando recursos e creando sinerxías

Clarificar o modelo organizativo e estrutural do traballo investigador e da investigación en xeral, definindo e integrando os diversos núcleos de investigación, desde os grupos de investigación a centros singulares

Accións:

4.1.1 Elaboración dun plan de accións específico no eido da investigación e a transferencia

4.1.2 Unificación dos modelos de gobernanza dos centros singulares e institutos de investigación

4.1.3 Potenciación da captación de talento internacional

4.1.4 Impulsar a participación da comunidade investigadora nas convocatorias de proxectos de I+D e transferencia da UE

4.1.5 Reversión de parte dos custos indirectos aos institutos de investigación e centros singulares que posúan un certo grao de liberdade nas políticas propias de investigación

4.1.6 Reordenación e potenciación dos institutos de investigación e centros singulares con especial fincapé nas áreas de Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas

4.1.7 Revisión e reordenación dos grupos de investigación mediante a procura de sinerxías

4.1.8 Análise funcional da actividade investigadora



4. A INVESTIGACIÓN E A INNOVACIÓN COMO MOTOR DO DESENVOLVEMENTO



4.2 Impulsar a transferencia de I+D+i e o emprendemento

Obxectivos:

Reorganizar a gobernanza do emprendemento e os sistemas de transferencia de coñecemento

Impulsar o emprendemento e a transferencia de I+D+i, modernizando a normativa e a xestión, simplificando os procedementos, promovendo a innovación e a axilidade no apoio aos trámites necesarios para o seu desenvolvemento

Promover a conexión das iniciativas universitarias coas postas en marcha por outras institucións e colectivos

Favorecer a cultura do emprendemento a través de formación, con especial fincapé na perspectiva de xénero

Accións:

4.2.1 Modificación do modelo de gobernanza dos sistemas de emprendemento, adaptando a área de valorización e transferencias aos novos retos

4.2.2 Creación dunha comisión de seguimento cos representantes da USC nos clusters e hub empresariais na procura dunha maior participación coordinada coa área de valorización e transferencia

4.2.3 Programación propia de convocatorias que complementen as doutras institucións para incrementar o TRL (niveis de madurez tecnolóxica, en inglés “Technology Readiness Levels”) da investigación realizada na USC

4.2.4 Extensión do programa “Woman Emprende” á nosa contorna socioeconómica e diversificación dos seus ámbitos de actuación incorporando novos modelos de emprendemento cun enfoque social, feminista e sostible

4. A INVESTIGACIÓN E A INNOVACIÓN COMO MOTOR DO DESENVOLVEMENTO



4.3 Consolidar o Campus Terra

Obxectivos:

Consolidar as estruturas de investigación nos ámbitos relacionados coas liñas básicas do Campus Terra

Reorganizar a gobernanza do campus de excelencia

Acadar os compromisos definidos no plan de desenvolvemento do Campus Terra asinados no plan de financiamento coa Xunta de Galicia

Accións:

4.3.1 Reordenamento das estruturas de investigación

4.3.2 Artellamento das capacidades de innovación e investigación a través do programa de emprendemento propio “Argos” e do programa externo colaborativo patrocinado polo Banco Santander

4.3.3 Posta en marcha das accións e consecución dos indicadores recollidos no plan autonómico de desenvolvemento para o Campus Terra

4. A INVESTIGACIÓN E A INNOVACIÓN COMO MOTOR DO DESENVOLVEMENTO



4.4 Promover a ciencia aberta

Obxectivos:

Promover a concordancia das liñas de actuación da USC en ciencia aberta cos criterios definidos pola UE e a Lei da Ciencia

Definir a xestión do ciclo de vida dos datos

Crear unha cultura de ciencia cidadán

Accións:

- 4.4.1** Definición da política de ciencia aberta
- 4.4.2** Elaboración dun plan para impulsar a Ciencia Aberta
- 4.4.3** Actualización do repositorio Minerva
- 4.4.4** Creación dun repositorio de datos e software e a súa coordinación cos criterios de metadatos internacionais para favorecer a súa interoperabilidade
- 4.4.5** Artellamento dunha cultura de ciencia aberta procurando o apoio da contorna, a cidadanía e o estudiantado
- 4.4.6** Implementación de espazos polivalentes cun deseño social destinados á convivencia e que permitan acoller actividades divulgativas, artísticas, culturais, etc.
- 4.4.7** Potenciación de visitas guiadas e obradoiros dirixidos á infancia e adolescencia dos museos de Historia Natural e da Domus do Mitreo, e do Observatorio Astronómico

4. A INVESTIGACIÓN E A INNOVACIÓN COMO MOTOR DO DESENVOLVEMENTO



4.5 As bibliotecas: referencia na investigación

Obxectivos:

Apostar pola modernización das instalacións e dos equipamentos tecnolóxicos, tendo en conta as persoas con necesidades especiais

Aumentar os recursos destinados á adquisición de libros e revistas, apostando por unha distribución equilibrada dos fondos en función da idiosincrasia de cada área

Mellorar a integración das bibliotecas no conxunto da comunidade universitaria

Consolidar a oferta formativa destes espazos e a súa repercusión no estudantado e no profesorado

Accións:

4.5.1 Novo sistema de xestión bibliotecaria

4.5.2 Impulso da descentralización da obra RAM, potenciando as accións encamiñadas ás infraestruturas bibliotecarias

4.5.3 Mellora da infraestrutura da Biblioteca Xeral

4.5.4 Actualización dos fondos bibliográficos e potenciación dos acordos cos grupos editoriais dentro do SUG

4.5.5 Elaboración dun novo regulamento da biblioteca

4.5.6 Impulso do programa formativo nas bibliotecas

5. A SENDA DA INTERNACIONALIZACIÓN



“A USC debe formular un plan de internacionalización acorde coa vocación da institución como unha universidade aberta ao mundo e que contribúa ao fortalecemento da imaxe e visibilidade da USC no exterior no novo contexto pospandémico”

5. A SENDA DA INTERNACIONALIZACIÓN



Liñas de actuación

- 5.1 Potenciar a internacionalización como eixe transversal na Universidade
- 5.2 Reforzar o posicionamento e a visibilidade internacional da USC
- 5.3 Incrementar a internacionalización da docencia e da investigación da USC
- 5.4 Potenciar a mobilidade internacional e a internacionalización na casa

5. A SENDA DA INTERNACIONALIZACIÓN



5.1 Potenciar a internacionalización como eixe transversal na Universidade

Obxectivos:

Mellorar a xestión estratéxica da internacionalización

Mellorar e automatizar os procesos de xestión da internacionalización

Accións:

5.1.1 Elaboración dun Plan Estratéxico de Internacionalización (PEI)

5.1.2 Creación dun catálogo de recursos e boas prácticas de internacionalización da USC

5.1.3 Identificación das capacidades e potencialidades de internacionalización da USC

5.1.4 Introducción de ferramentas dixitais multifuncionais na xestión da internacionalización (atracción, proxección, mobilidade, captación)

5.2 Reforzar o posicionamento e a visibilidade internacional da USC

Mellorar a visibilidade internacional da actividade académica e científica da USC e do seu impacto

Sistematizar a visibilidade e a información sobre a USC no exterior

5.2.1 Difusión e visibilización dos logros académicos e científicos da USC

5.2.2 Creación dun repositorio de materiais promocionais en diversos soportes

5.2.3 Actualización e optimización do portal web internacional da USC

5. A SENDA DA INTERNACIONALIZACIÓN



5.2 Reforzar o posicionamento e a visibilidade internacional da USC

Obxectivos:

Intensificar a presenza da USC en partenariados e redes internacionais

Promocionar a imaxe da USC como Universidade solidaria

Orientar a política de internacionalización á constitución de ámbitos de cooperación e colaboración estábeis

Definir como áreas prioritarias América Latina e os países e comunidades de lingua portuguesa

Accións:

5.2.4 Identificación de socios estratéxicos

5.2.5 Potenciación das relacións e alianzas internacionais mediante acordos e convenios para a colaboración docente, científica e de innovación

5.2.6 Participación activa nas actividades do Grupo Compostela

5.2.7 Reforzo e visibilización das accións de cooperación internacional

5.2.8 Renovación e elaboración de convenios con socios estratéxicos (incluída na acción 5.2.4 e 5.2.5)

5.2.9 Participación en feiras internacionais de *networking*, con especial fincapé en América Latina e países da Lusofonía

5.3 Incrementar a internacionalización da docencia e da investigación na USC

Obxectivos:

Desenvolver propostas de titulacións conxuntas

Incentivar a elaboración de teses de doutoramento en réxime de cotutela

Incrementar a captación de estudantado internacional

Diversificar a oferta formativa para o estudantado internacional

Promover a proxección internacional das actividades de investigación

Accións:

- 5.3.1** Potenciación da colaboración internacional no marco de programas como Erasmus Mundus ou as Accións Marie Skłodowska-Curie
- 5.3.2** Análise de procedementos administrativos e académicos que faciliten o deseño e posta en marcha de titulacións conxuntas
- 5.3.3** Establecemento de convenios de cotutela
- 5.3.4** Participación en feiras internacionais de captación, presenciais e virtuais
- 5.3.5** Desenvolvemento de campañas de mercadotecnia dixital
- 5.3.6** Incremento da oferta docente en inglés
- 5.3.7** Potenciación das campañas de captación internacional no ámbito iberoamericano e lusófono (incluída na 5.2.9)
- 5.3.8** Ampliación da oferta de titulacións oficiais en modalidade híbrida ou virtual
- 5.3.9** Potenciación da oferta formativa complementaria das titulacións oficiais en distintas modalidades (presencial, híbrida, virtual)
- 5.3.10** Participación en convocatorias de programas internacionais de referencia no ámbito da cooperación
- 5.3.11** Aumento da visibilidade internacional da produción científica da Universidade
- 5.3.12** Impulso dos programas de capacitación lingüística para persoal docente e investigador

5. A SENDA DA INTERNACIONALIZACIÓN



5. A SENDA DA INTERNACIONALIZACIÓN



5.4 Potenciar a mobilidade internacional e a internacionalización na casa

Obxectivos:

Recuperar e mellorar os niveis de mobilidade física pre-pandemia

Explorar e potenciar outras modalidades de mobilidade

Promocionar outras vías de internacionalización alén da mobilidade

Accións:

- 5.4.1** Fomento da mobilidade dirixido a toda a comunidade universitaria, pondo de relevo o valor engadido da mobilidade a nivel académico e de desenvolvemento persoal dos programas de mobilidade
- 5.4.2** Establecemento de novos convenios de intercambio (programa Erasmus+, convenio bilateral)
- 5.4.3** Desenvolvemento dun programa propio de axudas á mobilidade
- 5.4.4** Promoción de experiencias de mobilidade combinada, física e virtual (*Blended Mobility, Blended Intensive Programmes*), de longa e curta duración
- 5.4.5** Desenvolvemento de intercambios virtuais COIL (Collaborative Online International Learning)
- 5.4.6** Promoción da aprendizaxe de linguas estranxeiras e das competencias interculturais polos distintos colectivos da comunidade universitaria
- 5.4.7** Deseño e posta en marcha de actividades comúns para o estudantado estranxeiro e propio (clubs de debate, cafés lingüísticos, andainas interculturais, ligas deportivas etc.)
- 5.4.8** Desenvolvemento de proxectos de telecolaboración entre alumnado e profesorado estranxeiro e propio

6. A PROCURA DE INFRAESTRUTURAS ECOEFICIENTES



“As infraestruturas deben deseñarse para optimizar a súa función e, polo tanto, ter un alto desempeño. Este aspecto debe combinarse coa racionalización e a mellora na ecoeficiencia no seu uso”

6. A PROCURA DE INFRAESTRUTURAS ECOEFICIENTES



Liñas de actuación

- 6.1 Optimizar a eficiencia enerxética
- 6.2 Implementar o Plan de Infraestruturas
- 6.3 Racionalizar o uso das infraestruturas



6.1 Optimizar a eficiencia enerxética

Obxectivos:

Reducir o consumo enerxético, mellorando a eficiencia enerxética das instalacións

Implementar accións de descarbonización reducindo as emisións de CO₂.

Apostar polas enerxías renovables e a promoción do autoconsumo de enerxía

Diversificar o sistema de xeración enerxética

Accións:

6.1.1 Monitorización do consumo enerxético

6.1.2 Optimización manual e automática dos consumos

6.1.3 Formación e sensibilización na eficiencia enerxética, priorizando o desempeño dos espazos e aparellos eléctricos e electrónicos

6.1.4 Acendido da calefacción e aire acondicionado axustado en función das previsións do servizo Meteogalicia e das condicións do edificio. A temperatura obxectivo de confort dos espazos interiores e de traballo será o indicado polas directrices do goberno central

6.1.5 Instalación de xeración de enerxía eléctrica con paneis fotovoltaicos segundo o financiamento obtido nas convocatorias públicas desta materia

6.1.6 Parque móbil eléctrico alimentado con enerxía de produción propia

6.1.7 Ampliación dos sistemas de xeración enerxética



6.2 Implementar o Plan de Infraestruturas

Obxectivos:

Facer realidade a Cidade da Saúde

Dar resposta ás necesidades dos centros docentes

Coordinar os orzamentos centralizados e descentralizados dedicados ás infraestruturas, priorizando os investimentos relacionadas co plan de eficiencia enerxética

Rematar de configurar os espazos de investigación, incluíndo os correspondente aos centros singulares e institutos de investigación

Accións:

6.2.1 Adxudicación do proxecto

6.2.2 Construción da Facultade de Farmacia e edificios adicionais

6.2.3 Finalización do plan para as facultades do Campus na zona vella de Santiago de acordo cos condicionantes de protección do patrimonio

6.2.4 Construción e unificación de infraestruturas para o traslado da Facultade de Formación do Profesorado

6.2.5 Unificación da Facultade de Ciencias da Educación

6.2.6 Execución das melloras de envolventes financiadas e de obra RAM que mellora a eficiencia enerxética das instalacións e que impliquen usos pasivos da enerxía solar

6.2.7 Plan de reformulación dos espazos de investigación

6.2.8 Renovación das Infraestruturas científicas; chalets do campus sur para centros de investigación nas áreas de ciencias sociais e humanidades, Biblioteca Xeral, Acuario de Bioloxía, pavillón 4 da Facultade de Veterinaria, e Observatorio Astronómico



6.3 Racionalizar o uso das infraestruturas

Obxectivos:

Inventariar os espazos e as súas funcións

Regular os horarios dos centros procurando unha mellor conciliación da xornada laboral e unha maior ecoeficiencia deles

Garantir o acceso ás infraestruturas da universidade a todo o persoal contratado, incluíndo o acceso ao servizo de préstamo bibliotecario, aparcadoiros, etc.

Accións:

- 6.3.1** Realización dun inventario dos espazos empregados Nas diversas actividades
- 6.3.2** Redefinición e asignación das funcións realizadas en cada un dos espazos
- 6.3.3** Racionalización dos horarios de apertura dos centros académicos e investigadores reducindo o horario actual de apertura
- 6.3.4** Racionalización da intensidade de uso dos espazos na actividade académica, investigadora e administrativa, concentrando as actividades en edificios e zonas de edificios de forma que sexa posible a aplicación de medidas de sectorización ou peches parciais
- 6.3.5** Dotación dos espazos necesarios derivados da implementación das novas titulacións
- 6.3.6** Elaboración dunha nova regulación da Tarxeta Universitaria (TUI)

7. A USC NA ERA DA TRANSFORMACIÓN DIXITAL



“É preciso aproveitar o impulso nos trocos realizados dende o 2020 para acelerar as accións encamiñadas a atinxir na USC unha transformación dixital que supoña unha mellora nas capacidades de servizo e interacción coa sociedade”

7. A USC NA ERA DA TRANSFORMACIÓN DIXITAL



Liñas de actuación

- 7.1 Fomentar a cultura da seguridade da información e da ciberseguridade
- 7.2 Transformar a xestión dos procesos e procedementos
- 7.3 Renovar o *hardware* de uso docente
- 7.4 Evolucionar cara o uso de programas multicampus na nube
- 7.5 Crear aulas polivalentes
- 7.6 Potenciar mecanismos dixitais de xestión documental



7.1 Fomentar a cultura da seguridade da información e da ciberseguridade

Obxectivos:

Adaptar os procedementos de seguridade ao novo Esquema Nacional de Seguridade (ENS)

Formar á comunidade universitaria nos requirimentos da seguridade da información e da protección de datos persoais

Concienciar nas boas prácticas e principios da ciberseguridade

Ampliar as liñas de defensa fronte aos ciberataques

Crear un *hub* de ciberseguridade coas universidades públicas do SUG

Accións:

- 7.1.1** Adaptación progresiva dos diferentes procedementos seguindo os requirimentos do ENS publicado en 2022
- 7.1.2** Renovación e ampliación das certificacións de cumprimento co ENS
- 7.1.3** Introducción de ferramentas de goberno da seguridade, análise de riscos e alerta sobre ameazas
- 7.1.4** Realización de actividades formativas enmarcadas no Centro de Formación e campañas divulgativas, con especial atención ao manexo de datos persoais en investigación
- 7.1.5** Elaboración de protocolos para garantir a seguridade e a protección de datos persoais nas actividades formativas que se desenvolvan nas diferentes modalidades (presencial, híbrida, virtual)
- 7.1.6** Elaboración de pímulas informativas e difusión das mesmas polas diferentes canles dispoñibles: páxina web, listas de distribución e app
- 7.1.7** Actualización das devasas xa existentes, engadindo tamén unha devasa adicional. A función será a de prever e protexer a nosa rede de intrusionés bloqueando o acceso
- 7.1.8** Dotación de USB criptográficos para desbloquear os ordenadores que dan acceso a sistemas especialmente sensibles
- 7.1.9** Creación dun *hub* de ciberseguridade coa UVigo e UdC para dotarse dunha unidade de monitorización dos riscos informáticos



7.1 Fomentar a cultura da seguridade da información e da ciberseguridade

Obxectivos:

Incrementar a seguridade dos mecanismos de identificación

Accións:

- 7.1.10** Dotación dunha ferramenta de xestión integral da identidade corporativa
- 7.1.11** Definición de mecanismos de dobre factor de autenticación para o acceso ás aplicacións máis sensibles
- 7.1.12** Integración do MS Authenticator para dispositivos móbiles que permite iniciar sesión de forma segura nas aplicacións institucionais
- 7.1.13** Elaboración da regulación do funcionamento do dobre factor de autenticación



7.2 Transformar a xestión dos procesos e procedementos

Obxectivos:

Revisar os procesos e procedementos de xestión e proceder á súa renovación, adaptación ou eliminación

Trocar a xestión da investigación para atinxir unha monitorización máis sinxela e adaptada aos requirimentos dos organismos nacionais e internacionais

Integrar os sistemas de recursos humanos.

Incorporar novas ferramentas *software* de xestión integradas en contornas colaborativas na nube

Mellorar a sede electrónica

Accións:

7.2.1 Programa piloto (pre-proxecto) para a análise dos diferentes procedementos de xestión

7.2.2 Desenvolvemento dun programa de implementación progresiva de procedementos e aplicacións

7.2.3 Programa piloto (pre-proxecto) para a análise dos diferentes procedementos empregados na xestión da investigación

7.2.4 Implementación progresiva de procedementos e aplicacións ad-hoc aos requirimentos funcionais definidos polos servizos

7.2.5 Unificación das diferentes aplicacións de persoal (PDI, PI e PAS), incorporando os requirimentos derivados da reforma laboral

7.2.6 Selección das novas ferramentas de xestión (e tamén as actualizacións das xa existentes) para a súa implementación na nube

7.2.7 Adaptación da Sede Electrónica aos requirimentos do Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos

7.2.8 Mellora da accesibilidade da Sede Electrónica e incorporación de novas funcionalidades como a conexión co repositorio institucional Minerva e a creación dun Boletín Oficial para a publicación de disposicións normativas de carácter xeral e actos de interese, co obxecto de reforzar a publicidade institucional

7.2.9 Identificación e posta en marcha dun novo tramitador de expedientes administrativos



7.3 Renovar o *hardware* de uso docente

Obxectivos:

Auditar os equipos informáticos de carácter docente do PDI e xestión do PAS

Renovar os equipos informáticos do PDI e PAS

Monitorizar o uso das aulas informáticas e concienciar das boas prácticas en ciberseguridade

Introducir o principio multi-R da economía circular no proceso de recuperación dos equipos informáticos

Accións:

- 7.3.1** Auditoría exhaustiva e completa dos equipos informáticos do PDI dedicados total ou parcialmente á docencia. Análise por cada centro
- 7.3.2** Auditoría específica dos equipos informáticos dispoñíbeis nos diferentes servizos
- 7.3.3** Renovación do equipamento informático dedicado á docencia polo PDI e á xestión polo PAS. A intención é atinxir un cambio do parque de ordenadores cunha antigüidade maior ou igual a 8 anos, que tamén suporá minimizar os riscos dende o punto de vista da ciberseguridade
- 7.3.4** Auditoría das aulas informáticas convencionais, valorando o seu uso e características do equipamento informático. Avaliar a idoneidade do cambio nos equipos ou dunha transformación en aula polivalente
- 7.3.5** Valorización do equipamento renovado, aplicado á reparación e reuso como principios prioritarios. A súa reutilización poderá ser tanto na USC como en entidades e asociacións colaboradoras sen ánimo de lucro
- 7.3.6** Reciclaxe dos RAEE (residuos de aparellos eléctricos e electrónicos) garantindo a eliminación completa da información e recuperación dos materiais de alto valor engadido (Incluída na 1.5.5)



7.4 Evolucionar cara o uso de programas multicampus na nube

Obxectivos:

Substituír paulatinamente os paquetes informáticos de carácter docente a licenzas multicampus na nube

Implantar a rede sen fíos con sistemas Wi-Fi 6 que permiten aumentar a velocidade, a estabilidade na conectividade e a eficiencia enerxética

Accións:

7.4.1 Incorporación de licenzas mutlicampus dos softwares de carácter docente, especialmente aqueles que o servidor sexa na nube

7.4.2 Substitución progresiva dos puntos Wi-Fi polos sistemas Wi-Fi 6 que permitirán responder as futuras demandas de capacidade e velocidade de conexión

7.5 Crear aulas polivalentes

Obxectivos:

Crear aulas polivalentes

Equipar con equipos multimedia as aulas en coordinación coas necesidades e particularidades dos diferentes centros

Accións:

